



Fame en Lugo

Xesús Rodríguez Corredoira (1887-1939)

75 ANIVERSARIO
MUSEO
PROVINCIAL
DE LUGO
RONSEL de FUTURO

FAME EN LUGO

Xesús Rodríguez Corredoira (Lugo, 1887-Santiago de Compostela, 1939)

O autor desta obra, Xesús Rodríguez Corredoira, formouse na Escola Superior de Pintura de Madrid grazas a unha bolsa concedida pola Deputación Provincial de Lugo, posteriormente completando a súa formación nos talleres de Cecilio Plá e Sorolla. Será galardoado con senllas mencións honoríficas nas Exposicións Nacionais de Belas Artes de 1908 e 1910 e cunha segunda medalla na de 1917.

A súa obra está marcada por unha parte, por un carácter inmovilista, místico-relixioso, anguriado polo pecado e a morte, e por outro, o seu contorno familiar acomodado levaríao a converterse fundamentalmente en retratista da burguesía e do clero.

Fame en Lugo é un óleo sobre lenzo de 195 x 120 cm, asinado no ángulo inferior esquerdo, pintado por Corredoira en 1910 en Lugo, cunha inscrición: “Dícese que a fame perseguía ao pobo ata ese día Santo da Misión”, que posiblemente faga referencia á Misión levada a termo en 1906 na cidade de Lugo polo bispo D. Benito Murúa.

Encadramos esta obra dentro do movemento denominado “Regeneracionista”, que tiña como fundamento a busca do espírito da nación nas súas dúas vertentes, por un lado, a España Negra, representada por Corredoira, Solana e Zuloaga, e por outro a España Branca de Sorolla e Cecilio Plá e que levará a estes pintores a botar a vista atrás e fixarse nos grandes artistas do pasado, entre os que O Greco, na súa etapa toledana, será o escollido por Corredoira para encarnar a súa particular visión de España.

O cadro, cuxa composición nos lembra ás de Zuloaga, sitúa en primeiro plano a dúas figuras; no centro, un sacerdote misionero, cunha gran cruz coa figura de Cristo baixo o seu brazo e á dereita, unha muller con pano na cabeza axeonllada en actitude orante que debuxan unha diagonal dividindo o cadro en dúas partes. Á esquerda en segundo plano hai a figura dun home axeonllado ao lado dunha bolsa. Á dereita, unha procesión de mulleres saen da cidade seguindo ao misionero.

Todo nesta obra está ao servizo desa espiritualidade, desde o alongamento e deformación das figuras, que son como aparicións sobre o fondo negro, os rostros branco-cerúleos sombreados en verde, e a paleta de cores frías unicamente alteradas polos panos vermellos das figuras femininas.

A obra *Fame en Lugo* retrata como ningunha outra do artista a tristura e a anguria dun pobo. Son imaxes espectrais que se sitúan nun espazo real pero deformado no que nun cubo denominado “A Mosquera” convértese nunha espectral cara con ollos e unha gran boca por onde sae a procesión.

María Quiroga Rodríguez

CARTAFOL DO MUSEO

GUÍA GRÁFICA DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

LÁMINA LXI



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO